



CONCELLO DE QUIROGA (Lugo)

BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN POR CONCURSO-OPOSICIÓN DUN POSTO DE TÉCNICO EN TURISMO, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE QUIROGA AO ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO INCLUIDO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019 DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

1º.- OBXECTO E NORMA DE APLICACIÓN.

O obxecto das presentes bases consiste na regulación do procedemento para a provisión de persoal laboral temporal no Concello de Quiroga dun posto de técnico en turismo, polo sistema de concurso-oposición. A convocatoria realízase ao abeiro do programa de Fomento do emprego incluído no Plan provincial único de cooperación cos concellos 2019 da Excma. Deputación Provincial de Lugo, vista a necesidade deste concello de contratar persoal en réxime laboral temporal en servizos esenciais que se declaran prioritarios, atopándonos nunha situación de urxencia para facer fronte ás necesidades destes servizos municipais.

A modalidade de contratación terá as características seguintes:

Tipo de contrato:

Contrato temporal por obra ou servizo a xornada completa.

Duración do contrato:

6,5 meses, con data de inicio o 01 de outubro de 2019.

Retribucións:

Grupo 2. Técnico. Retribución bruta: 1240,78 €.

Cometidos das prazas (funcional e extensión):

Colaborar na organización e promoción de eventos no Concello, apoiar a posta en valor dos recursos naturais do territorio, identificar atractivos turísticos do municipio, colaborar na realización de rutas e recursos turísticos de todo tipo, atención aos visitantes da oficina de turismo e museos municipais.

Sistema de provisión: Concurso-oposición de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade, e publicidade.

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na seguinte lexislación:

- A Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- O Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- O Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia aprobado por Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo.
- A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Os artigos 21.1.g), 91, e 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
- O artigo 177 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- O Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado aprobado por 364/1995, de 10 de marzo (de carácter supletorio conforme o artigo 1.3).
- O Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

2º.- REQUISITOS DO/AS CANDIDATOS/AS.

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitude e que estean debidamente xustificadas:





CONCELLO DE QUIROGA (Lugo)

.-Requisitos xerais:

- a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.
- d) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- e) Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
- f) **Os candidatos deberán acreditar estar en situación de desemprego ou en mellora de emprego por estar realizando unha xornada do 50% ou inferior.**
- g) **Titulación:** Para participar no proceso de selección será requisito posuír algunha das seguintes titulacións:
Xeografía, Historia, Historia da Arte, Xeoloxía, Grao ou diplomado en turismo, técnico superior en información e comercialización turística ou técnico superior en guía, información e asistencia turística, técnico superior en axencias de viaxes e xestión de eventos, técnico en empresas e actividades turísticas, certificado de profesionalidade en promoción turística local e información ao visitante.
- h) **ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.**

Os aspirantes para o posto de técnico en turismo acreditarán o coñecemento da lingua galega mediante diploma, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística (nivel mínimo de celga 3).

En defecto da acreditación anterior, os/as aspirantes deberán realizar unha proba ao comezo do proceso de selección, con carácter eliminatorio, que consistirá nunha entrevista.

3º.- PUBLICIDADE.

Segundo as disposicións reguladoras do programa de Fomento do emprego , antes de comezar o proceso selectivo o Concello enviará estas bases á Excma. Deputación Provincial para a súa publicación por esta entidade durante o prazo de 10 días hábiles.

Transcorrido este prazo, o concello:

- 1.- Presentará oferta xenérica á Oficina de Emprego de Monforte de Lemos.
- 2.- A apertura do proceso de selección e as bases serán publicadas polos seguintes medios durante o prazo de **5 días hábiles aos efectos de que os interesados en participar no proceso selectivo poidan presentar instancia:**

No taboleiro de anuncios do Concello de Quiroga

Na Radio e televisión municipal de Quiroga.

Na páxina WEB municipal www.concellodequiroga.com.

O prazo para presentar instancia comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación das bases nos lugares indicados.

4º.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

- 1.- Á instancia unirase:

.- Fotocopia compulsada do DNI.

.- Relación de méritos que alega (Anexo II)





CONCELLO DE QUIROGA (Lugo)

.- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público. (Anexo III).

.- Fotocopia compulsada de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento de presentación da instancia.

.- Xustificante de estar anotado na Oficina de emprego como demandante de emprego ou en mellora de emprego.

5º.- TRIBUNAL DE VALORACIÓN.

O tribunal cualificador do concurso estará constituído segundo o disposto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público (Lei 7/2007, do 12 de abril).

6º.- LISTA PROVISIONAL E LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DE REALIZACIÓN DO PROCESO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.

Expirado o prazo de presentación de instancias, o alcalde-presidente ditará resolución aprobando a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, co número de documento nacional de identidade e, de ser o caso, causa de exclusión, concedendo un prazo de tres días hábiles para a subsanación.

As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución da alcaldía aprobando a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas e que se fará pública no taboleiro de anuncios da entidade e na páx, web. A resolución da alcaldía aprobando a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas indicará así mesmo a composición do Tribunal, e a data e hora de realización polo tribunal do proceso de valoración de méritos alegados polos/as aspirantes definitivamente admitidos/as e da data de realización da proba escrita.

7º.- FASES DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

A selección realizarase mediante o sistema de **concurso-oposición**:

A.- Fase de concurso: na que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido na base oitava. Será previa á fase de oposición, de carácter non eliminatória e non poderá terse en conta para superar a fase de oposición.

B.- Fase de oposición: consistente nunha proba escrita que se realizará, e sempre que sexa posible, no mesmo día da valoración de méritos, publicándose no taboleiro de anuncios do Concello, cunha antelación como mínimo de 2 días naturais, a data de realización do exercicio, que se publicará xunto coa relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao procedemento.

8º.- DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS.

1.- FASE DE CONCURSO.- VALORACIÓN DE MÉRITOS.

Polo Tribunal cualificador examínase toda a documentación entregada polos/as aspirantes aos efectos de determinar unha maior adecuación ao posto de traballo. Os méritos que se valoran son os que a continuación se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas.





CONCELLO DE QUIROGA (Lugo)

A.-CRITERIOS XERAIS:

Os méritos aos que se fai referencia neste apartado deberán posuírse á data de valoración dos mesmos polo Tribunal cualificador, computándose ata a dita data.

Acreditaranse mediante certificacións ou diplomas expedidos polas Entidades ou Organismos convocantes.

Para a xustificación da experiencia laboral, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados, ben sexa a través de contrato de traballo, de certificado ou de calquera outro documento con forza probatoria e en que se perciba claramente a duración do contrato, traballo desempeñado e xornada; en caso de xustificarse os servizos prestados con contrato de traballo, deberá achegarse ademais **informe de vida laboral** expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

B.-CRITERIOS ESPECÍFICOS:

A puntuación máxima outorgada na fase de valoración de méritos non excederá de 3 puntos.

- a) **Experiencia nas tarefas propias a desenvolver polo desempeño dun posto de traballo relacionado ou pola realización de prácticas laborais (máximo 1 punto)**
Neste suposto terase en conta a seguinte puntuación:

1.- Servizos prestados en entidades locais, en funcións ou tarefas propias do posto que se convoca: 0,40 puntos por cada mes traballado.

2.- Servizos prestados noutras administracións públicas, entidades, organismos públicos ou empresas dependentes desenvolvendo funcións e tarefas propias dos posto que se convoca: 0,20 puntos por cada mes traballado.

3.- Servizos prestados no sector privado ou como autónomo desenvolvendo tarefas propias do posto que se convoca: 0,10 puntos por mes traballado.

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100 %, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

- c) **Por estar en posesión dun título en lingua inglesa co nivel B1 ou superior: 1 punto**
d) **Como medida de fomento de emprego valorarase cun máximo de 1 punto:**

Ser menor de 30 ou maior de 45 anos: 1 punto

Acreditar ter cargas familiares ou persoas dependentes a cargo: 1 punto

Ser desempleado de longa duración: 1 punto.

Este apartado valorarase cun máximo de 1 punto independentemente de que se poidan acreditar máis dunha destas circunstancias.

2.- FASE DE OPOSICIÓN.-

A fase de oposición consistirá na realización dunha proba escrita de carácter obrigatorio e eliminatoria, consistente na realización dunha programación de actividades turísticas no concello de Quiroga.

A proba puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superala acadar un mínimo





CONCELLO DE QUIROGA (Lugo)

de 5 puntos e o tempo para a realización da mesma é de 60 minutos.

Os/as aspirantes serán convocados/as para este exercicio nun único chamamento, sendo excluídos/as da oposición os/as que non comparecesen.

9º.- RESOLUCIÓN

O Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ao longo do proceso selectivo, sendo a cualificación definitiva o resultado da suma das puntuacións obtidas, propondo a proposta de nomeamento aos candidatos/as que obtiveran a maior puntuación.

No caso de empate será proposto o candidato con maior puntuación na fase de oposición e, de persistir o empate, resolverase por sorteo.

Logo de realizada a selección definitiva deberá ser notificada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.

Os/as candidatos/as non seleccionados quedarán en reserva por orde de puntuación por se se dese algunha renuncia ou situacións puntuais de baixas por incapacidade laboral temporal da persoa inicialmente seleccionada, e no tempo de duración deste contrato.

A resolución do proceso de selección e do nomeamento farase polo Presidente da Corporación Municipal, a proposta do tribunal cualificador.

Os/as aspirantes seleccionados/as, previamente a súa contratación, e no prazo de tres días hábiles contados desde a súa proposta de nomeamento, deberán xustificar e presentar a seguinte documentación:

- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o normal exercicio das funcións correspondentes á praza á que se opta.

10º.- INCIDENCIAS

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo durante o prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, se ben con carácter potestativo poderase interpor, ante o mesmo órgano que ditou este acto, recurso de reposición no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da referida publicación, sen poder simultanear ambos. Aínda que tamén se poderá utilizar calquera outro recurso ou acción que se estime pertinente.

Quiroga, 27/08/2019
O Alcalde-Presidente,

Julio Álvarez Núñez

